

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE SETEMBRO DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	6
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Setembro 2015.	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en setembro de 2015	18
5.4.	Evolución da precipitación en setembro de 2015	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS.	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 15-10-2015

Mes frío e precipitacións normais, distribuídas de forma irregular.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro foi na súa meirande parte anticiclónico, predominando o tempo seco, pero unha borrasca moi profunda na terceira semana do mes deixou chuvia intensa, polo que o acumulado estivo en xeral moi preto do agardado.

Así os primeiros 4 días do mes estiveron caracterizados polas altas presións, pero con ventos de compoñente norte que deixaron temperaturas baixas principalmente na metade norte onde tamén se viron os ceos con intervalos de nubes.

Nas xornadas do 5, 6 e 7 as altas presións foron algo máis intensas e os ventos estiveron en calma de xeito que a estabilidade foi a nota predominante en toda a Comunidade, con sol e elevadas temperaturas, sendo o día 7 o máis caloroso do mes na Comunidade galega. O día 8 foi unha xornada de transición na que pola tarde aumentaron as nubes e diminuíron as temperaturas e na xornada do 9 as nubes foron xeneralizadas e na metade oeste tivemos algunhas chuvias febles.

Nos 3 días seguintes a situación meteorolóxica foi intermedia entre as altas e as baixas presións, polo que estiveron caracterizados pola presenza de intervalos anubrados, temperaturas suaves e chuvias febles e ocasionais na metade oeste.

Xa nos días 13 e 14 unha borrasca localizada ao oeste de Irlanda deixou nubes e chuvias, non moi intensas, con ventos do suroeste. Os días máis destacados dos mes foron o 15 e o 16, cando no borde desta borrasca creouse un novo centro de baixas presións que foi perdendo presión de xeito rápido e que pasou moi preto da nosa Comunidade. Isto deixou dúas xornadas de temporal, con ventos e chuvias intensos, afectando principalmente á metade oeste da Comunidade. O día 15 foi a xornada máis chuviosa do mes, caendo neste día máis da metade da chuvia que se rexistrou finalmente en todo o mes. Na xornada do 16 as chuvias non foron tan fortes, pero os ventos acadaron máis intensidade, principalmente na primeira metade da xornada.

Os días 17 e 18 foron de transición, cos ventos cambiando a compoñente norte, propiciando un descenso de temperatura e algunhas chuvias de carácter feble. A partir do 19 as altas presións volveron a achegarse a Galicia e xa nos seguintes 12 días, ata finais do mes, as condicións foron estables e polo tanto predominou o tempo seco e soleado.

Dentro dese período tivemos elevadas temperaturas os días 19 e 20, especialmente esta última xornada. Sen embargo nos dous seguintes días o cambio de vento a noroeste deixaba un significativo descenso e a entrada dalgunhas nubes na metade norte. Pero a partir do 23 as altas presións novamente volveron a localizarse ao norte da península Ibérica, aportando estabilidade e aire cálido procedente do norte de África, de xeito que as temperaturas foron de novo elevadas durante as tardes, particularmente no período entre o 24 e o 28, cando os valores máximos superaron novamente os 30°C en moitos puntos da Comunidade.

Nos dous derradeiros días do mes as altas presións fóronse debilitando e polo tanto rexistráronse temperaturas máis acaídas para esas datas.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión do mes de setembro non se aprecian valores fora dos normais preto de Galicia, nin no caso das presións superficiais (figura 1), nin nas anomalías a 500 hPa (figura 2). Isto é debido a que o mes foi bastante cambiante e as posibles anomalías debido á situación de altas presións de principios e finais de mes, quedaron canceladas coas baixas presións da terceira semana.

Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Setembro 2015





Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



**Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa.
Setembro 2015**





3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-TorreHércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-A Granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde coa promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	SETEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.6	18.2	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	14.4	14.8	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	10.8 (día 19)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	16.4 (día 1)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	20.8	21.5	23.4 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	25.0 (día 28)	31.4 (22/09/2013)		
Tª máxima máis baixa	17.6 (día 12)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	44	53-85	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	6	8	19 (1933)	1 (1985)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada é lixeiramente inferior ó rango de valores normais, considerándose o mes seco. Isto mesmo, reflíctese no número de días de chuvia, inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015



SANTIAGO

	SETEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.9	18.2	21.8 (1985)	15.9 (1993)
Tª mínima media	11.8	13.1	15.0 (2014)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	8.1 (día 19)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 1)	20.6 (05/09/2006)		
Tª máxima media	21.9	23.3	28.6 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	28.9 (día 7)	38.4 (05/09/2006)		
Tª máxima máis baixa	16.7(día 22)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	77	71-147	263 (1999)	7.1 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	6	9	17 (1993)	1 (2007)

Comentario: Mes frío en xeral para esta localidade.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, non sendo así, o número de días de chuvia, inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

LUGO

	SETEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.4	17.3	21.2 (1987)	14.1 (1995)
Tª mínima media	10.4	11.6	14.5 (1987)	9.3 (1995)
Tª mínima absoluta	6.1 (día 21)	1.0 (28/09/2007)		
Tª mínima máis alta	14.3 (día 26)	19.0 (08/09/2006)		
Tª máxima media	22.3	23.0	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	29.5 (día 8)	39.0 (07/09/1988)		
Tª máxima máis baixa	16.3 (día 22)	12.0 (13/09/1969)		
Precipitación acumulada	41	49-76	178 (1975)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	3	7	17 (1968)	0 (1985)

Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada es lixeiramente inferior ó rango de valores normais, considerándose o mes seco. Porén, o número de días de chuvia é moi inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	SETEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.0	18.2	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	12.7	12.7	14.9 (1959)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	9.0 (día18)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	16.1 (día1)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	23.3	23.8	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	29.0 (día 5)	34.9 (06/09/1970)		
Tª máxima máis baixa	18.3 (día 9)	13.4 (16/09/1962)		
Precipitación acumulada	81	80-124	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	5	8	18 (1968)	1 (1988)

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada entra no rango de valores normais para esta variable, polo que existe normalidade este mes. Sen embargo, isto non se aprecia no número de días de chuvia, inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2015. Temperatura: 1958-2015

OURENSE

	SETEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.0	19.4	22.4 (1985)	16.7 (1974)
Tª mínima media	11.2	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	6.5 (día 19)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	15.8 (día 21)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	26.7	26.6	31.9 (1985)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	33.3 (día 7)	41.1 (05/09/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.1 (día16)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	51	37-68	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	4	6	12 (1993)	1 (2009)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e as medias. Mentres que tendo en conta a temperatura mínima o mes considérase frío.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais, mentres que o número de días de chuvia foi inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2015. Temperatura: 1972-2015

4 TEMPERATURA

As temperaturas tiveron un comportamento bastante normal para a época do ano, alternando períodos fríos ao principio e mediados do mes, con outros máis cálidos na segunda e cuarta semana, aínda que mesmo neses períodos cálidos as mínimas foron baixas.

4.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 21.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña de Ourense e na Mariña, así como na zona do cabo Ortegal (entorno aos 13°C) e os valores máis altos (entorno aos 27°C) rexistráronse en zonas baixas da metade sur da Comunidade.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2015.



4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 10.0 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no sur da comarca da Limia (preto de 4°C) e os máis altos (próximos aos 17.9 °C) na comarca de Vigo.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2015.

4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de setembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $-0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$, polo que o mes considérase frío, moi preto da normalidade. As anomalías máis baixas ($-1.7\text{ }^{\circ}\text{C}$) presentáronse nas comarcas de Fisterra e Muros, onde tamén o nordeste da provincia de Lugo e algunhas áreas do interior, presentaron anomalías de esta orde. O contraste o marcaron as comarcas de Vigo e o concello de Baltar onde se acadaron anomalías positivas de ata 1.7°C .




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de setembro respecto ao período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. As anomalías máis altas de temperatura acadáronse principalmente na comarca de Vigo e a comarca dos Ancares onde o mes considérase cálido.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Baltar	Ourense	1.1
Triacastela	Lugo	1.0
Gondomar	Pontevedra	1.0
Oímbra	Ourense	0.9
Tui	Pontevedra	0.8
Cualedro	Ourense	0.8
Pedrafitá do Cebreiro	Lugo	0.8
Monterrei	Ourense	0.7
Nogais (As)	Lugo	0.7
Verín	Ourense	0.7

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de setembro de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Ribeira	A Coruña	-1.4
Pontenova (A)	Lugo	-1.3
Pobra do Caramiñal	A Coruña	-1.3
Fisterra	A Coruña	-1.3
Porto do Son	A Coruña	-1.3
Carnota	A Coruña	-1.3
Trabada	Lugo	-1.3
Ribadeo	Lugo	-1.3
Muros	A Coruña	-1.3
Corcubión	A Coruña	-1.2

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de setembro de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente nas comarcas de Fisterra, Muros e o Barbanza, onde o mes resultou frío.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na xornada do 7 de setembro acadáronse os valores máis altos de temperatura principalmente nas zonas máis baixas, destaca tamén a do 25 nas zonas de maior altitude, e con temperaturas máis baixas..

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/09/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	34.8
07/09/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	34.6
07/09/2015	Ourense	Ourense	Ourense	33.3
07/09/2015	Prado	Castro de Miño	Ourense	32.8
07/09/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	32.7
07/09/2015	Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	31.7
07/09/2015	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	31.7
07/09/2015	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	31.7
07/09/2015	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	31.4
07/09/2015	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	31.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/09/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	26.8
07/09/2015	Xurés	Muíños	Ourense	25.7
08/09/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	25.6
25/09/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	25.6
08/09/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	24.7
25/09/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	23.1
24/09/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	23.0
25/09/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.7
08/09/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	21.8
24/09/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	21.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 18 e o 19 presentaron as mínimas máis baixas en localidades situadas tanto por enriba e por debaixo dos 1000 m de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/09/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.5
14/09/2015	Xares	A Veiga	Ourense	1.0
18/09/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	1.5
14/09/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.6
18/09/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	1.7
18/09/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.1
14/09/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.3
18/09/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	3.5
17/09/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	3.8
18/09/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	4.5

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/09/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-1.8
19/09/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	0.9
19/09/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	1.3
19/09/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	1.4
19/09/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	1.7
19/09/2015	Baltar	Baltar	Ourense	1.8
19/09/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	2.5
19/09/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	3.0
19/09/2015	Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	3.1
30/09/2015	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	3.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2015 altitude inferior a 1000m.

4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 17.2 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.64°C, o que fai que o mes poida considerarse frío. Este valor negativo débese principalmente ao peso das mínimas, que estiveron preto de 1°C por debaixo do normal. A anomalía nas temperaturas medias deste ano foi similar a do ano 2008.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1971-2000.

5 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante este mes estiveron moi condicionadas polo episodio do 15 de setembro, cando rexistramos máis de metade da chuvia que se acumulou finalmente en todo o mes. Como nesa xornada as precipitacións afectaron máis a puntos da metade sur, particularmente ás zonas altas, estas áreas recolleron máis chuvia da normal, mentres que outros puntos de Galicia quedaron algo escasos. En media, podemos dicir que o mes acadou valores próximos aos agardados.

A chuvia media no mes de setembro obtida a partir dos valores do mapa foi de 89 L/m². Houbo un gran contraste entre o interior da provincia de Pontevedra e a Baixa Limia (264 L/m²) e o resto da Comunidade.

5.1. Precipitación acumulada mensual Setembro 2015




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2015.

5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 5 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. Tal e como se comentou no apartado anterior. A Baixa Limia presenta as anomalías máis elevadas, onde choveu ata uns 167% máis do normal, considerándose esta rexión moi húmida. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 9% inferior ao valor agardado, é dicir, foi un mes normal. Neste ocasión, a Terra Chá foi unha das rexións que acadaron os valores máis baixos, con ata un 60% menos da precipitación normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de setembro de 2015.



5.3. Días de chuvia en setembro de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 5.5. Os valores máximos obtivéronse nas comarcas de Ferrol e Ortegal, onde case se acadan os 12 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron principalmente na comarca de Lugo, onde o número de días de chuvia máis baixos foi de 3.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de setembro de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de setembro, a provincia de Pontevedra rexistrou os valores máis altos de precipitación. En canto á táboa 8 indica a precipitación máxima recollida en 24 h tendo en conta o instante de inicio. O período que comezou na xornada do día 15 foi a que rexistrou unha maior precipitación neste mes de setembro.

Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	263
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	247
Pereira	Forcarei	Pontevedra	199
Muralla	Lousame	A Coruña	194
Entrimo	Entrimo	Ourense	194
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	179
Areas	Tui	Pontevedra	174
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	174
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	173
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	163

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	187	15/09/2015 6:40
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	168	15/09/2015 7:30
Entrimo	Entrimo	Ourense	152	15/09/2015 2:30
Pereira	Forcarei	Pontevedra	150	15/09/2015 7:30
Muralla	Lousame	A Coruña	140	15/09/2015 0:20
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	126	15/09/2015 12:20
Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	125	15/09/2015 10:00
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	122	15/09/2015 1:30
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	116	15/09/2015 0:40
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	114	15/09/2015 2:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2015.



5.4. Evolución da precipitación en setembro de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 81 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para setembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 9% por debaixo do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse como normal. O ano máis próximo con valores similares foi o 2013.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1971-2000.



6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de setembro. Nas xornadas do 15 e o 16 deste mes, rexistráronse os valores máis altos de refacho máximo de vento en xeral, na Comunidade.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
15/09/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	163.7
16/09/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	140.7
16/09/2015	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	137.9
15/09/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	121.0
15/09/2015	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	118.3
16/09/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	116.9
16/09/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	114.8
16/09/2015	Lira	Carnota	A Coruña	111.5
15/09/2015	Burela	Burela	Lugo	111.1
15/09/2015	Xurés	Muiños	Ourense	108.6
16/09/2015	Xares	A Veiga	Ourense	108.3
16/09/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	106.6
16/09/2015	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	106.3
16/09/2015	Corno do Boi	Friol	Lugo	104.5
16/09/2015	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	104.5
15/09/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	104.1
16/09/2015	Malpica	Malpica	A Coruña	102.9
15/09/2015	Muralla	Lousame	A Coruña	101.6
16/09/2015	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	100.8





Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en setembro de 2015.







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	111.5	NE	27		
		Día 16				
Pta. Candieira	Cedeira	140.7	NE	9		
		Día 16				
Malpica	Malpica	102.9	E	6		
		Día 16				
Marco da Curra	Monfero	93.3	NE	6		
		Día 16				
Río do Sol	Coristanco	96.3	NE	3		
		Día 16				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Setembro de 2015 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	111.1	E	6		
		Día 15				
Ancares	Cervantes	116.9	NE	14		
		Día 16				





Táboa 11: Resumo vento no mes de Setembro de 2015 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	108.6	SO	12		
		Día 15				
Rodicio	Maceda	77.7	NE	9		
		Día 15				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	69.7	NO	43		
		Día 16				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Setembro de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	92.4	S	14		
		Día 15				
Ons	Bueu	91.9	NE	9		
		Día 15				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Setembro de 2015 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de setembro de 2015.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 119 raios en Galicia, dos que 71 rexistráronse na provincia de Ourense e tan só 9 na de Lugo.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en setembro de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en setembro 2015.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 9

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	14.4	21.3	25.6	25	8.6	4.6	18	128	74.0	15	6	66	87	42	65	241	1745	10	76	16	903	7	0				
*A Portela	17.7	26.4	31.7	7	10.8	7.2	19	57	34.4	15	-69	64	91	34	65	241	1674	5	51	16	-	6	0				
*A Trabe	16.1	22.6	27.4	8	10.5	7.4	17	72	44.6	15	-53	63	84	41	66	244	1767	5	49	5	928	7	0				
Alto do Rodicio	13.6	19.1	24.6	8	9.2	4.5	18	105	60.7	15	11	77	95	52	62	230	1489	14	78	15	906	9	0				
Amiudal	15.7	22.6	28.6	7	10.7	6.7	18	127	85.4	15	-14	73	92	47	61	225	1673	9	96	16	954	6	0				
As Petarelas	16.5	25.0	30.4	8	9.8	6.4	18	100	78.1	15	-	62	87	33	69	258	1880	-	-	--	-	5	0				
Baltar	14.4	23.8	29.4	7	5.8	1.8	19	31	21.2	15	-89	69	99	33	65	242	1748	9	79	16	926	8	0				
Cabeza de Manzaneda	9.7	13.2	17.4	8	6.4	0.5	14	174	107.5	15	82	72	91	47	54	199	1572	19	115	5	826	10	0				
*Calvos	12.3	21.5	27.3	7	3.6	-1.8	19	117	78.4	15	10	77	99	44	62	230	1751	7	73	16	-	9	4				
Casaio	13.4	18.3	22.7	25	9.2	4.5	18	44	22.2	15	--	63	83	39	-	-	-	8	121	15	-	6	0				
*Corzos	12.4	19.6	24.7	8	6.6	1.7	18	45	28.6	15	--	71	92	44	-	-	-	7	69	16	-	8	0				
Entrimo	15.7	22.9	29.1	7	10.3	5.4	18	194	145.6	15	-	70	90	47	58	215	1668	-	-	--	-	7	0				
*EVEGA Leiro	17.4	28.1	34.7	6	9.2	4.6	19	79	49.8	15	-	71	94	35	-	-	-	3	36	16	1004	9	0				
Gandarela	16.0	23.7	29.9	7	10.6	7.5	19	57	32.6	15	-56	74	96	46	63	232	1674	8	70	16	946	7	0				
Lardeira	11.0	15.6	20.2	8	7.4	1.6	14	62	37.0	15	-46	70	88	47	62	232	1717	18	164	15	840	6	0				
*Larouco	17.0	25.1	30.5	8	10.5	6.7	19	30	18.9	15	-	61	85	33	-	-	-	4	45	16	957	10	0				
Laza	16.3	25.0	30.0	7	9.0	4.8	19	41	28.6	15	-85	67	93	35	68	253	1762	7	54	16	-	6	0				
Monte Medo	15.4	23.0	28.5	7	8.8	3.1	19	65	42.0	15	-	69	97	37	60	224	1680	-	-	--	-	5	0				
O Invernadeiro	13.5	22.0	26.8	7	6.7	1.5	18	160	115.7	15	51	70	92	41	61	228	1588	9	67	16	902	7	0				
Ourense	18.0	26.7	33.3	7	11.2	6.5	19	51	23.2	15	-	66	90	36	-	-	-	-	-	--	-	5	0				
Ourense-Estacións	18.5	26.5	32.7	7	12.2	8.0	19	61	27.3	15	-57	66	88	37	60	224	1622	4	53	16	1002	5	0				
*Pazo de Fontefiz	16.6	23.8	30.1	7	11.1	6.2	18	71	42.4	15	-32	68	87	41	41	152	1387	5	45	16	970	9	0				
*Ponte Boga	16.1	23.8	29.3	8	10.2	5.5	19	55	32.7	15	-65	65	85	39	60	222	1684	5	47	16	963	10	0				
*Prado	17.5	26.4	32.8	7	10.7	7.0	19	58	33.3	15	--	71	91	41	-	-	-	3	39	15	1002	7	0				
Remuíño	17.2	28.0	34.8	7	10.1	5.8	19	114	78.8	15	1	75	96	39	52	194	1579	5	47	3	-	9	0				
*Riós	15.6	23.8	28.3	8	9.0	5.8	18	74	47.6	15	-48	69	93	40	63	233	1787	4	38	16	-	6	0				
San Xoán de Río	13.4	20.2	25.6	8	8.4	4.9	18	58	25.9	15	-47	76	95	48	60	221	1615	13	107	16	901	9	0				
Serra do Eixe	12.8	18.4	23.1	25	8.4	3.5	18	81	41.4	15	-32	71	91	46	65	242	1759	15	104	15	880	10	0				
Verín-Vilamaior	16.9	25.9	31.1	7	9.9	5.8	19	42	22.4	15	-83	66	91	36	67	248	1722	6	54	16	955	7	0				
Verín-Vilela	15.8	26.5	31.3	7	6.3	1.7	19	30	18.1	15	-92	72	98	36	69	255	1774	5	45	16	-	7	0				
Viana do Bolo	14.6	23.3	28.4	7	7.6	2.5	19	64	45.5	15	-46	72	97	40	56	209	1624	8	70	16	921	5	0				
*Xares	10.3	14.7	19.2	24	6.4	1.0	14	54	32.0	15	-52	69	88	47	62	229	1751	17	108	16	826	10	0				
*Xinzo	15.2	24.9	31.1	7	7.2	1.4	19	47	33.2	15	-73	74	99	42	66	244	1777	5	49	16	-	6	0				
Xurés	14.1	19.8	25.7	7	9.6	4.6	18	111	71.9	15	-6	70	89	49	62	229	1722	14	109	15	899	8	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 9

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	15.7	21.5	28.3	28	10.8	6.3	19	125	91.8	15	24	82	96	63	58	217	1626	6	55	16	-	-	-	-	12	0	
A Granxa	16.8	25.4	30.6	28	9.8	5.1	19	122	75.0	15	13	79	98	48	62	230	1649	4	56	15	1012	-	-	-	12	0	
A Lanzada	16.9	21.9	28.7	28	12.7	9.0	18	53	29.4	15	-49	81	94	61	63	234	1562	15	83	5	-	-	-	12	0		
*Areas	17.6	25.4	31.0	7	12.1	8.0	18	174	108.2	15	-	77	95	50	-	-	-	2	41	15	-	-	-	-	10	0	
*Areiro	16.9	22.1	27.4	6	12.5	9.2	18	80	56.7	15	--	81	94	61	-	-	-	4	40	15	1008	-	-	-	14	0	
*As Eiras	17.2	24.0	29.2	7	12.3	7.5	21	112	69.6	15	5	79	95	53	56	206	1625	3	57	15	1011	-	-	-	11	0	
*Barrantes	16.4	22.6	29.6	28	11.0	6.3	30	54	37.4	15	-47	82	96	61	62	231	1602	3	47	15	-	-	-	7	0		
Caldas de Reis	16.4	22.7	29.0	7	11.8	8.7	19	107	72.1	15	--	79	96	54	60	222	1592	-	-	--	985	-	-	-	8	0	
*Camanzo	16.1	22.5	29.7	7	10.9	5.9	19	67	29.1	15	-27	81	98	58	48	179	1446	6	73	16	993	-	-	-	12	0	
Castro Vicaludo	16.4	20.1	26.3	28	13.0	9.6	18	72	44.2	15	-30	75	89	58	63	233	1520	15	118	15	961	-	-	-	8	0	
Castrove	16.4	21.0	27.5	28	12.6	9.2	18	118	89.6	15	20	76	90	61	53	197	1501	12	73	15	967	-	-	-	7	0	
*Cequeliños	18.1	26.4	31.7	7	12.2	8.6	19	117	77.2	15	-11	72	95	41	64	238	1728	7	55	16	-	-	-	6	0		
Corón	17.2	21.0	26.6	28	14.0	11.0	18	64	44.2	15	-43	84	94	70	68	252	1781	16	87	16	1015	-	-	-	7	0	
*Entenza	17.7	25.3	30.3	7	12.0	8.3	21	108	65.2	15	-2	76	96	48	55	204	1623	3	54	15	-	-	-	10	0		
Fornelos de Montes	15.8	20.1	25.6	7	12.0	7.7	18	247	163.4	15	142	71	88	55	57	210	1437	14	92	15	936	-	-	-	9	0	
Illas Cíes	17.1	20.5	25.2	5	14.4	12.2	21	66	39.4	15	-39	83	94	68	63	234	1718	10	91	15	-	-	-	11	0		
*Louredo	15.9	22.4	27.9	28	11.3	8.0	18	91	49.0	15	-	82	96	59	-	-	-	3	29	16	988	-	-	-	6	0	
Lourizán	17.4	23.7	29.0	5	13.0	9.0	18	81	58.2	15	-21	82	96	62	54	202	1579	4	49	15	1011	-	-	-	9	0	
*Meder	17.8	25.8	31.7	7	12.0	8.0	18	90	54.8	15	--	68	88	40	-	-	-	2	33	15	999	-	-	-	10	0	
Monte Aloia	16.1	22.0	27.2	28	11.9	8.7	19	157	107.2	15	49	79	95	59	59	220	1655	9	78	16	961	-	-	-	7	0	
Mouriscade	14.1	22.2	28.6	7	7.2	1.3	19	83	49.0	15	-13	81	94	59	53	197	1536	6	73	15	959	-	-	-	16	0	
O Viso	17.0	24.0	29.3	28	12.1	8.5	18	85	48.0	15	-25	76	92	54	61	228	1586	11	96	15	986	-	-	-	7	0	
Ons	16.5	20.2	25.1	7	13.6	11.0	19	48	34.2	15	-57	84	95	69	68	254	1812	18	92	15	1003	-	-	-	12	0	
*Pé Redondo	17.2	22.8	29.1	28	12.7	9.7	18	95	67.0	15	-3	81	94	62	55	205	1510	3	52	16	-	-	-	10	0		
Pereira	14.1	19.5	26.0	7	9.7	6.5	18	199	132.6	15	-	80	96	59	58	215	1608	-	-	--	935	-	-	-	13	0	
*Ponte Caldelas	16.1	21.6	26.9	28	11.2	6.4	18	163	111.8	15	60	73	88	54	60	222	1570	3	58	16	975	-	-	-	7	0	
Pontevedra-Campolongo	17.9	24.8	29.3	5	12.8	8.6	19	88	62.5	15	--	74	90	52	-	-	-	3	54	15	-	-	-	7	0		
Queimadelos	17.4	24.4	30.4	7	12.9	9.0	18	137	80.0	15	47	73	89	52	38	142	1286	4	42	15	975	-	-	-	6	0	
Rebordelo	15.1	22.1	28.5	28	8.7	3.3	30	128	91.5	15	-	81	97	54	60	222	1589	-	-	--	975	-	-	-	13	0	
Sanxenxo	17.3	22.2	27.7	6	13.5	9.9	19	57	38.6	15	-52	77	91	59	59	221	1679	4	55	16	1013	-	-	-	9	0	
Serra do Faro	13.3	18.2	24.1	6	9.6	5.7	18	118	80.0	15	21	76	90	55	56	209	1461	19	97	16	905	-	-	-	11	0	
*Simes	16.8	23.1	29.2	28	11.6	7.5	19	58	42.4	15	--	80	95	58	-	-	-	3	46	15	-	-	-	9	0		
*Soutomaioir	17.0	23.0	28.7	28	12.6	8.7	18	95	53.5	15	--	71	86	51	-	-	-	3	43	15	997	-	-	-	11	0	
*Torrequeintans	17.2	23.0	29.5	28	12.4	8.6	18	70	49.0	15	-43	71	85	51	60	224	1649	5	54	15	1009	-	-	-	13	0	
*Tremoedo	16.9	22.9	29.1	28	12.4	8.4	19	54	31.8	15	--	75	89	54	-	-	-	3	34	16	1009	-	-	-	8	0	
Vigo	17.9	23.1	27.9	5	13.7	10.7	18	66	31.5	15	-	83	98	60	-	-	-	-	-	--	-	-	-	8	0		
Vigo-Campus	16.8	20.6	26.4	28	13.6	10.6	16	140	82.9	15	22	67	82	49	64	238	1700	8	82	15	964	-	-	-	8	0	
Xesteiras	14.3	18.2	25.3	7	11.0	8.0	16	263	172.2	15	-	78	92	61	-	-	-	22	138	16	-	-	-	13	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.